



NAUFRAXIO EN GALIZA



O pesqueiro “O Bahía” regresaba a Galiza dende o País Vasco, onde estivera na pesca da anchoa, cando o día 9 de xuño do pasado ano naufragou repentinamente nas costas galegas con 10 tripulantes a bordo,

preto das Illas Sisargas, foi a causa do mal tempo.

Na operación de rescate participaron embarcacións de Salvamento Marítimo, helicópteros da Xunta de Galiza e tamén efectivos da Garda Civil e Protección Civil.

Cando se estaba a proceder co rescate, cabía a posibilidade de que os mariñeiros desaparecidos estivesen nas adegas do pesqueiro afundido entre 70 e 100 metros de profundidade. Era moi difícil o rescate debido á

profundidade, pero ante as peticións dos familiares, pensouse na posibilidade de utilizar submarinistas especializados para mergullarse na zona do afundimento.

Os 10 membros da tripulación falecidos pertencían ás confrarías de Cangas e Redondela, en Pontevedra.

Lucía Agra Mejuto. B1C



ANIMAIS MARIÑOS



O home xera a diario toneladas de lixo que van parar ao mar, sen ter en conta as consecuencias desa acción. O simple feito de tirar unha bolsa de plástico á auga pode facer que un animal morra afogado. Os restos dunha rede de pesca, as

latas de refresco . . . todo é lixo que, por culpa da acción do home, pasa a ser o causante da morte de moitos millóns de animais cada ano.

Pero non só se seguen tirando residuos ao mar a diario, senón que, ademais, trátase de materiais que tardan miles de anos en degradarse, polo que se acumulan manchando e contaminando cada día máis a auga e tamén o fondo mariño.

O lixo mariño atópase en todas partes: en alta mar, no fondo mariño, nas marismas, nas desembocaduras de ríos e praias. A culpa é de toda a xente que verte o seu lixo ao mar pensando que este o come, pero esa non é a realidade; cada ano, por culpa disto, morren millóns de animais que son inocentes e teñen dereito a vivir. Morren de forma cruel e dolorosa animais como focas, leóns mariños, baleas, golfinhos, tartarugas mariñas, peixes, crustáceos e corais.

¡¡¡BASTA XA!!! RECI-
CLA, NON CONTAMINES E
SALVA ANIMAIS.

Lucía Agra Mejuto. B1C